



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Outubro 2023

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complejo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Outubro 2023


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un incremento do 2,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 3,2 puntos á do mes de setembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 1,5%, taxa 2,3 puntos superior á do mes anterior.
- En trece comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de outubro.
- O persoal ocupado no sector servizos crece en Galicia un 1,7% e en España un 1,9% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- Todas as comunidades autónomas rexistran taxas positivas no emprego no mes de outubro.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de outubro en Galicia un incremento do 2,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa superior en 3,2 puntos á do mes de setembro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 1,5%, taxa 2,3 puntos superior á do mes anterior.



O *Comercio*, cunha taxa do 2,6%, suma 1,7 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* incrementan a súa facturación o 1,5% e achegan 0,6 puntos á taxa de variación do índice xeral. En España a facturación no *Comercio* diminúe o 1,0% e nos *Outros servizos* aumenta o 6,5%.

Nas actividades comerciais, a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 27,0% e achega 0,8 puntos á taxa de variación interanual, o *Comercio ao retalho* aumenta o 4,6% e suma 0,7 puntos e o *Comercio por xunto* aumenta o 0,5%, co que achega 0,2 puntos a taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 6,9% mentres que a *Venta e reparación de vehículos de motor* aumenta o 17,7% e o *Comercio ao retalho* o 7,4%.

Os *Outros servizos* incrementan a cifra de negocios en Galicia o 1,5%. A *Hostalería* rexistra o maior incremento, 13,7%, seguido das *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, 8,0%. En senso contrario, o *Transporte* diminúe a súa facturación o 2,2% e *Información e comunicacións* o 2,0%.

En España, os *Outros servizos* crecen o 6,5%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os maiores incrementos acádanse en *Hostalería* (10,0%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (9,0%) .

Nos dez primeiros meses do ano, o índice xeral crece un 4,6% en Galicia, máis que en España (3,0%). Os sectores que máis inflúen neste crecemento en Galicia son o *Comercio por xunto* (5,6%) e o *Comercio ao retalho* (6,2%). En España, os maiores crecementos rexístranse en *Venta e reparación de vehículos de motor* (17,0%), *Hostalería* (10,9%) e *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (10,1%).

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 6,3% no mes de outubro.

Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Información e comunicacións* (-0,3%); o maior incremento preséntase na *Hostalería* (13,1%).


No que vai de ano, o índice amosa un crecemento do 6,6%. Todos os sectores rexistran taxas positivas; o maior incremento obsérvase na *Hostalería* (16,4%)

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 0,37% respecto ao mesmo mes do ano anterior mentres que o índice ponderado por VEB crece o 4,9%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.



1.4. Indicadores por comunidades autónomas


No mes de outubro a cifra de negocios aumenta en trece comunidades autónomas respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores crecementos danse en Illes Balears (12,0%) e La Rioja (9,2%). As comunidades onde máis diminúe a cifra de negocios son Madrid (-3,1%) e Navarra (-1,7%).

No que vai de ano, todas as comunidades rexistran taxas positivas agás Madrid (-1,6%). Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (14,2%) e Asturias (7,8%).

Índices de cifra de negocios. Outubro 2023

Taxa de variación en %



2.


Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,7% respecto ao mes de outubro de 2022, menos que en España (1,9%).

O persoal ocupado crece un 1,4% no *Comercio* e un 1,9% nos *Outros servizos*. Os maiores incrementos danse en *Hostalería* (3,0%) e *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (3,0%). O *Transporte* é o único sector no que se reduce o emprego, -1,2%.

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores crecementos rexístranse en *Información e comunicacións* (3,3%) e *Transporte* (3,0%).



No acumulado de ano, o emprego aumenta un 1,1% en Galicia e un 1,9% no conxunto do Estado.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas rexistran taxas positiva no emprego no sector servizos no mes de outubro. As taxas máis elevadas rexístranse en Illes Balears (7,6%) e Canarias (3,6%). As taxas máis baixas obsérvanse en Cantabria (0,0%) e Extremadura (0,1%).

No que vai de ano, os maiores incrementos do emprego danse en Illes Balears (6,2%) e Canarias (3,3%). A única comunidade que perde persoal ocupado é Cantabria (-0,2%).

Índices de persoal ocupado. Outubro 2023

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Outubro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	174,5	2,3	4,6
Comercio	168,5	2,6	6,0
Venta e reparación de vehículos de motor	145,6	27,0	9,7
Comercio por xunto	185,3	0,5	5,6
Comercio ao retalho	131,7	4,6	6,2
Outros servizos	191,4	1,5	1,0
Transporte	265,0	-2,2	-3,9
Hostalería	132,2	13,7	16,5
Información e comunicacións	137,9	-2,0	0,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	170,6	8,0	5,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	122,7	7,0	7,7
España			
Xeral	150,2	1,5	3,0
Comercio	151,2	-1,0	1,2
Venta e reparación de vehículos de motor	163,8	17,7	17,0
Comercio por xunto	156,9	-6,9	-4,1
Comercio ao retalho	135,8	7,4	9,3
Outros servizos	148,5	6,5	6,6
Transporte	148,7	0,6	0,9
Hostalería	137,1	10,0	10,9
Información e comunicacións	133,0	8,7	6,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	173,4	8,6	9,0
Actividades administrativas e servizos auxiliares	149,0	9,0	10,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Outubro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	164,3	6,3	6,6
Comercio	159,5	4,9	6,4
Transporte	213,9	2,1	0,9
Hostalería	142,4	13,1	16,4
Información e comunicacións	141,3	-0,3	1,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	173,5	8,6	1,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	123,3	7,4	3,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir de datos suministrados por INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Outubro 2023**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	150,2	1,5	3,0
Andalucía	145,2	3,3	6,8
Aragón	146,4	-1,5	2,7
Asturias	147,2	3,2	7,8
Baleares, Illes	156,3	12,0	14,2
Canarias	138,4	3,3	7,5
Cantabria	157,6	6,8	4,8
Castilla y León	139,8	6,0	3,9
Castilla-La Mancha	159,7	6,8	6,6
Cataluña	145,9	4,0	4,0
Comunitat Valenciana	146,2	2,8	2,7
Extremadura	147,6	3,3	4,9
GALICIA	174,5	2,3	4,6
Madrid	155,4	-3,1	-1,6
Murcia	142,1	5,4	5,0
Navarra	159,2	-1,7	1,8
País Vasco	148,0	-1,4	2,8
Rioja, La	162,4	9,2	6,7

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Outubro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	111,1	1,7	1,1
Comercio	111,8	1,4	1,3
Venta e reparación de vehículos de motor	94,7	0,5	-2,3
Comercio por xunto	126,9	2,7	2,4
Comercio ao retalho	106,6	0,7	1,1
Outros servizos	110,5	1,9	0,9
Transporte	100,7	-1,2	-1,0
Hostalería	103,6	3,0	1,2
Información e comunicacións	121,2	2,7	2,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	116,8	3,0	3,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	120,0	2,0	0,0
España			
Xeral	113,2	1,9	1,9
Comercio	109,8	1,6	1,7
Venta e reparación de vehículos de motor	107,4	1,6	1,3
Comercio por xunto	115,0	1,6	1,7
Comercio ao retalho	106,8	1,5	1,7
Outros servizos	115,3	2,1	2,1
Transporte	115,0	3,0	3,1
Hostalería	109,4	2,8	2,6
Información e comunicacións	124,7	3,3	4,2
Actividades profesionais, científicas e técnicas	115,1	2,4	2,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	118,8	0,2	-0,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Outubro 2023**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	113,2	1,9	1,9
Andalucía	109,4	1,4	1,8
Aragón	110,5	1,6	0,6
Asturias	109,1	1,6	1,3
Baleares, Illes	129,9	7,6	6,2
Canarias	110,9	3,6	3,3
Cantabria	107,6	0,0	-0,2
Castilla y León	104,6	1,8	0,8
Castilla-La Mancha	113,2	1,6	1,8
Cataluña	115,1	0,8	1,5
Comunitat Valenciana	113,6	1,5	1,0
Extremadura	109,5	0,1	1,3
GALICIA	111,1	1,7	1,1
Madrid	115,7	2,5	2,9
Murcia	120,3	3,0	2,2
Navarra	111,2	1,8	1,6
País Vasco	108,3	1,2	1,5
Rioja, La	111,9	3,3	1,5

Fonte:INE